

A poesía é un animal escondido

(Pazo de Congresos de Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018)

1.A poesía é un animal escondido

Bos días.

A poesía é un animal escondido. E pode agocharse nos lugares máis insospeitados e baixo a aparencia máis inusitada. Nesta última década da miña vida, na que fun percorrendo os centros de ensino de toda Galicia acompañado dunha maleta chea de libros, coches e bonecas, aprendín que un relampo poético pode aparecer de súpeto en calquera sitio, agás quizais naqueles lugares onde imperan a rutina burocrática e o desleixo académico.

A poesía é un animal escondido. Ás veces, xoga ás agochadas con tanta habelencia, que tardamos toda unha vida en descubrila. Outras, simplemente, camúflase no entorno cotián, disimulada nunha conversa intranscendente ou nun titular de prensa, nun valo publicitario ou na inscrición desaliñada na superficie dun pupitre. E non renega tampouco das paredes á beira da autoestrada, das bocas de metro ou das portas dos aseos. É a súa adaptación ao medio, como especie que leva sobrevivindo entre os seres humanos desde hai milleiros de anos, trúxo tamén ata as redes sociais, onde aparece de súpeto nunha frase solta, nun chío inesperado, nun comentario casual que semella can sen dono.

En realidade, a poesía adoita ser un animal esquivo que gusta de moverse nun hábitat alleo á codificación doméstica; por iso adoita fuxir dos focos e séntese a gusto a remexer polas marxes, en lugares en aparencia nada poéticos, lonxe da beleza enlatada polo consumismo en cápsulas de felicidade... porque xusto onde menos se agarda un instante de revelación (*un fulgor*) é onde resulta posible que aconteza, co único requisito de que permanezamos á espreita. En palabras de **Luz Pichel**:

*Busco a beleza
na forma das patacas
irregulares.*

Pero o animal máis difícil de atopar, o poema que ás veces leva toda unha vida descubrir, é aquel que os seres humanos levamos dentro, moitas veces sen ser conscientes de que existe, oculto aos nosos ollos entre tanto balbordo tecnolóxico. Ese animal escondido vén sendo unha especie de *alien* inherente á condición humana, e que se alimenta das nosas inquietudes e desexos, da nosa angustia ante a morte e da ansia de sentirnos eternos a pesar do devir efémero da existencia. Ese *alien poético*, ás veces, maniféstase de modo convulso, axitando as nosas entrañas como o centrifugado dunha lavadora. Nese intre, tan inesperado como revelador,

descubrimos que a poesía pode actuar como un veneno tóxico ou un bálsamo medicinal, e que as palabras mancan, pero tamén curan cando acertan a expresar o que semellaba inexpresable.

A fin de contas, cando permitimos que a poesía se incorpore á nosa rutina diaria, xa non hai volta atrás. A súa lectura convértese en algo tan natural como o ritmo da respiración. Unha bocalada de osíxeno. Ou como ben sinala **Fran Alonso** no seu último libro, *Street Poems*:

*A poesía é un spray
que escribe co osíxeno dos pulmóns.*

2.A poesía é un ecosistema en fráxil equilibrio

Falemos, logo, de respiración compartida.

Se estou hoxe aquí é porque formo parte dun ecosistema en torno á lectura que acolle múltiples especies que lle dan osíxeno á cultura galega contemporánea; ben sabedes ademais que a nosa literatura, para desenvolverse en plenitude, precisa dun apoio político *real* que vaia máis alá da celebración puntual dunha efeméride ou dunha palmada no lombo cando nos outorgan un premio.

Non se me entenda mal; desde logo, agradezo moito os parabéns, pois a todos nos gusta que nos recoñezan algún mérito, por modesto que sexa; pero o que precisamos con urxencia é que a administración pública se tome en serio o desenvolvemento dun modelo de industria cultural que nos permita seguir formando parte do PIB da comunidade (porque nós, as/os poetas, tamén somos **Produto Interior**, pero non *Bruto*, senón **Benéfico**).

Se estou hoxe aquí é porque aínda subsiste unha libraría pequena de barrio que vende eses libros que non atopan un oco nas grandes superficies comerciais, ou porque unha docente entusiasta organiza e dirixe un club de lectura fóra do seu horario escolar, e queda polas tardes na biblioteca do seu centro cun grupo de adolescentes que atopan nos libros un modo de socialización diferente, activo e creativo.

Se estou hoxe aquí é porque as bibliotecas escolares de Galicia souberon tecer unha rede de complicidade arredor da lectura, convertendo as nosas visitas aos centros en experiencias enormemente enriquecedoras, onde moitas veces as/os escritores recibimos moito máis afecto do que somos capaces de dar.

Se estou hoxe aquí é porque tiven a fortuna de coñecer proxectos innovadores que fomentan a lectura en lingua galega dun modo cooperativo e altruísta, como, por exemplo, o **Espazo Lectura** de Gondomar, que debería ser recoñecido e apoiado como un referente internacional na sensibilización cultural da nosa cidadanía. Ou tamén porque vivín en primeira persoa experiencias educativas como a de **EnREDando versos**, na que un grupo de docentes excepcionais conseguiron levar a poesía dos libros as aulas, e das aulas á rúa. Ou porque existen blogs escolares que, curso tras curso, nos informan de todas as novidades no ámbito da lectura e da coeducación, como o imprescindible **Trafegando Ronseis**.

Se estou hoxe aquí é porque existe un proxecto editorial como **Xerais** que apostou con afouteza por incluír libros de poesía nunha colección xuvenil, permitindo que *Makinaria* e *Penúltimas tendencias* chegasen ás mans dun público adolescente nun formato recoñecible e doado de atopar en todas as librarías de Galicia. E non o esquezan, porque esa empresa paga puntualmente os dereitos de autor grazas a que aínda existe un sector da cidadanía galega que visita as librarías para escolleren un libro no noso idioma. E grazas a ese acto tan sinxelo como revolucionario de gastar 15 ou 20 euros nun libro en galego, moita xente vai vivindo da cultura, con tanto esforzo como dignidade.

Se estou hoxe aquí é porque eu tamén tiven a fortuna de recibir ese maxisterio de compromiso coa lingua e coa literatura infantil e xuvenil galega que simboliza a figura inesquecible de **Agustín Fernández Paz**, e para min significa un honor extraordinario recibir este galardón no ronsel do mestre, ou a carón de escritoras e artistas que admiro, como **Leticia Costas** ou **Miguel Anxo Prado**. Beizóns polo seu activismo a prol da cultura deste país.

E se estou hoxe aquí é porque moitas mozas e mozos galegos decidiron concederlle unha oportunidade á lectura poética, máis alá de temores académicos e tópicos sen fundamento. E abofé que demostraron, unha e mil veces, con fervor e entusiasmo nada finxidos, que si, que a poesía tamén pode ter as hormonas revolucionadas e espullas na cara. E que sempre estivo ao seu carón, aínda que non o soubesen.

3. Pero que cousa vén sendo un poema?

Esta é a pregunta que case sempre aparece nalgún momento da túa vida como **vendedor ambulante que percorre institutos**, e xa non debería collernos por sorpresa. A que admite case todas as respostas, aínda que ningunha nos resulte completamente satisfactoria. A que nos fai escolleren entre a definición académica e un impulso humorístico ou extravagante. A pregunta que nos deixa espidos diante dun público impaciente que quere sabelo todo.

Eu, a medida que medro en idade e decrezo en cabelo, menos seguro estou do que é un poema. E non o digo como escusa fácil, senón como constatación empírica. Collen tantas cousas debaixo do paraugas deste concepto que dá susto poñer un marco, non vaia ser que invadas a leira do veciño e resulte ser un teórico da literatura cunha vara de medir as lindes exactas do fenómeno poético.

Por iso, déixome levar polo gusto. Por aquelas definicións que me agrada compartir coa xente nova, quizais porque non pretenden ser máis do que son, é dicir, palabras sinxelas que suxiren realidades moito máis complexas.

Entre as miñas preferidas, o abano de imaxes que ofrece o álbum ilustrado *Un poema para curar a los peces*, de **Jean-Pierre Siméon** e **Olivier Tallec**, onde o neno protagonista, Hadrián, vai preguntando a toda a xente do seu entorno *que é un poema*, pois con el debe curar o tedio vital da súa mascota, un peixe vermello que permanece inmóbil no fondo do estanque; as respostas que recolle Adrián son estas:

*Un poema é como levar o ceo na boca.
É como o pan saído do forno,
o gusto que che queda na boca
despois de comelo.*

*Un poema
é escoitar o latexo
do corazón das pedras.
É cando as palabras queren voar.
É un canto desde a prisión.*

*Un poema
pon as palabras do revés,
e ale hop! o mundo vólvese novo.*

Pero tamén resultan interesantes, no seu uso intelixente do humor, as definicións irónicas, que rompen coa frialdade descritiva dos manuais de literatura, como a famosa proposta do **colectivo Ronseltz**:

*O poema é unha pedrada na cabeza.
Por iso lles recomendamos aos lectores
que usen casco.*

Ou aquelas outras que inciden no carácter rebelde e contestatario dos versos, como esta de **María Reimóndez** en *Moda galega reloaded*:

*Poesía é
a carraxe dunha pedra
contida na palabra
frente unha carga policial*

Pero a que máis éxito ten entre a rapazada, a máis gorentosa e larpeira de todas as que me veñen á cabeza, é aquela que pillei ao voo dunha entrevista que lle fixeran hai xa uns cantos anos ao poeta **Kirmen Uribe**:

*Un poema é unha onza de chocolate:
algo pequeno, escuro e o máis bo do mundo.*

Non obstante, hoxe quixera compartir con vós unha definición non prestada, senón pensada para esta xornada de celebración. Un pequeno agasallo, ou así me gustaría que fose interpretado por vós. Por iso, se me preguntasen *aquí e agora que cousa é un poema*, atreveríame cun pequeno xogo malabarista, que adopta a fórmula secuencial do abecedario:

O poema é...

*unha apertura / unha boca rabuda / o corazón da mazá / o cheiro das
gasolineiras / a danza do acento / a espera e o desespero / o feroz sen o lobo / a
gota que non colma o vaso / o hache intercalado / o Índice sen dedo / a liberdade /
o menú do día / o non que non abaixa a cabeza / un ñu iracundo / o o do asombro /
a porta entreaberta / o que de quérote / o rumor que desemboca en murmurio / o
sal da ferida / a temperatura exacta / o universo / o xeroglífico das emocións / a
zapatilla de andar por fóra*

4. E ti, nisto da poesía... de quen vés sendo?

Antes mencionei que me sinto partícipe dun ecosistema cultural en torno á lectura en lingua galega; agora, direivos, como quen aparece de súpeto no torreiro do campo da festa dunha parroquia allea, cal é a miña árbore xenealóxica nesta pretensión un pouco tola de achegarme a través dun puñado de versos ao público xuvenil; cando menos, intentarei mencionar aquelas propostas que me deron azos para ensaiar unha liña poética que comeza en *Makinaria*, continúa por *Penúltimas tendencias* e, en certo modo, culmina en *Masculino singular*.

Como lector, procuro estar atento á evolución da poesía galega contemporánea, na súa espléndida diversidade de desvíos e transformacións. Pero máis alá do universo da poesía para adultos, quero fixarme nesas propostas concretas que abren o campo para lectoras e lectores en formación, que quizais non saben nada da poesía máis alá do que reflicten os libros de texto, e que renegan dela como dun manxar exótico que non se atreven a probar, pois tenlles pinta de que o sabor non vai satisfacer o seu padal.

Nese ámbito de fronteiras difusas dunha poesía para todas as idades, e sen remontarme moi atrás no tempo, quero mencionar o maxisterio de **Antonio García Teijeiro** e **Fran Alonso**. Dous autores moi distintos na súa aposta estética, pero que representan á perfección unha actitude vital comprometida cunha didáctica da poesía que rompe as paredes monótonas das aulas e permite entrar nelas a brisa atlántica do mar vigués. Esa actitude entusiasta, que bebe da tradición, pero procura unha conexión eléctrica co público, exprésaa de modo contundente **Antonio García Teijeiro** na súa introdución do libro *A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula*:

“Cando abrimos as ventás das aulas e desexamos que estas se enchan de versos, de palabras, rimadas ou non, de poemas musicados. Cando o ritmo e a emoción se apoderan do aire que respiramos entre esas catro paredes e ollamos a través das fiestras o ceo azul ou gris, as árbores con ou sen follas, os tellados silenciosos das casas, as nubes ou o sol que nos chiscan os ollos, comprendemos os docentes, que amamos a poesía, que esta se atopa en cada unha das pequenas cousas que forman a nosa vida e mais a dos nosos alumnos. Comprendemos que non podemos deixar de provocar neles o desexo de ler poesía, de escoitar poesía, de xogar coa poesía e de que sintan esa poesía.”

Nada debo engadir a esta cita, como tampouco nada ao persistente éxito de *Poetízate*, unha antoloxía coa que **Fran Alonso** establece un repertorio magnífico de textos para a idade xuvenil, apoiada nunha introdución na que destrúe tópicos e traza unha cartografía para que a lectura poética resulte unha experiencia gratificante ao alcance de todo tipo de alumnado.

Obviamente, non só da literatura galega se alimenta o noso espírito. Somos fillos do noso tempo, e procuramos petiscar o mellor das culturas alleas, para enriquecer a nosa visión do mundo. E seguramente os obradoiros que imparto arredor da poesía non serían posibles sen coñecer previamente o esforzo de romper moldes na dinámica escolar do profesor **Víctor Moreno**, ou a aposta lúdica do poeta salmantino **Raúl Vacas** no seu achegamento á tradición lírica española, ou as propostas didácticas da valenciana **Mar Benegas**, autora, por citar só unha das súas obras, da antoloxía *44 poemas para leer con niños*, que xa paga a pena só

polo decálogo titulado “*Cómo no leer un poema*”, que debería servir de modelo pedagóxico para todo o profesorado de literatura, desde Primaria ata a Universidade. A modo de exemplo, cito o punto 3:

“Ao poema non lle gusta que o leamos como se fose a lista da compra; que alegría lle dá que o leamos acompañados pola voz; serios como sopranos ou divertidos como se estivésemos a dicir un trabalinguas; cada persoa ten un xeito de lectura que o fará mellor poema”.

En todo caso, e como isto non pretende ser unha tese doutoral, se alguén desexa profundar sobre métodos para levar a poesía ás aulas desde diferentes enfoques, remítovos ao ensaio *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas*, publicado por Apiario no ano 2015, e no que se expoñen distintos modelos de intervención poética de **Yolanda Castaño**, **Estíbaliz Espinosa**, **Celso Fernández Sanmartín**, **Antía Otero** e **Dores Tembrás**, ademais da experiencia persoal de quen aquí vos fala.

Por suposto, hai outras moitas autoras e autores que resultan moi interesantes para levar ás aulas. Afortunadamente, desde aquel pioneiro *Os soños na gaiola* (1968) de **Manuel María**, o panorama ten evolucionado moito e para mellor, e hoxe en día contamos con obras de **Marilar Aleixandre** (*Ovella descarreirada*), de **Paula Carballeira** (*Contatrás, Nunca mascotas*), de **Elvira Riveiro Tobío** (*Palabras brancas*), de **Xoán Carlos Domínguez Alberte** (*Soneto no alfabeto*) ou de **Marga Tojo** (*Cara de velocidade*). Por certo, case todas escritoras, e isto non resulta irrelevante desde o punto de vista da asunción dunha mirada feminista que introduce a cor lila dentro do poema. Moito me gusta, por exemplo, a renovación lúdica da mirada infantil que ofrece **Marga Tojo** en textos recentes como “*Teletransporte urbano*”:

*As superheroínas
viaxan
á velocidade da luz
en patinete.*

Ou a divertida aposta por un reparto igualitario das tarefas domésticas do poema “*Camaradas*”, de **Elvira Riveiro**:

*Papá prancha as sabas,
mamá sacha as patacas,
papá lava as pratas,
mamá apaña as laranxas,
papá arranxa a casa,*

mamá arranxa as zapatas

...

Caramba!

Xa basta!

Traballar cansa!

...

Para acabar,

fan gran manxar para xantar:

pasta branda á malabar!

...

Para acabar,

papá abraza a mamá

mamá abraza a papá.

E mentres as familias se abrazan e fan festa arredor dunha mesa, falemos de como a poesía, co seu carácter case sempre rabudo, pode berrar tamén a prol da igualdade. Porque no século XXI, non queremos mozas ás que lle cosan os labios nin parellas que se xuren amor eterno cun cadeado do que botan a chave ao río.

5. A mirada con A: de *Penúltimas tendencias a Masculino singular*

Se vos interesa tratar o tema da igualdade a través da poesía galega contemporánea, diríavos que estades de sorte. Porque temos como referente fundacional a **Rosalía de Castro**, e iso sinala unha revolución da mirada, a fenda que rompe para sempre co estereotipo *das pombas e das flores*. Porque detrás dela, foron chegando as fillas, as netas e as bisnetas: **Xohana Torres e María Xosé Queizán; Xela Arias e Lupe Gómez; Marta Dacosta e Marilar Aleixandre, Ana Romaní e María Reimóndez, Chus Pato e Olga Novo, Rosalía Fernández Rial e Miriam Ferradáns...** mulleres ceibas, penélopes navegantes, voces que rachan para sempre as costuras do patriarcado. E que me desculpen todas as poetas que non nomeo, para non facer deste discurso unha lista interminable.

Non sei, nun sistema educativo con menos estándares e máis estandartes de liberdade, pasaría semanas a compartir poemas co alumnado de todas as autoras que citei, pero non para un estudo exhaustivo de títulos e tendencias, senón para deixarnos levar pola potencia liberadora da palabra poética feminista. Porque, de súpeto, todo cambia: os mitos clásicos revísanse, as esquecidas pola Historia recuperan o nome, os corpos rompen a ditadura dos talles, o erotismo deixa de ser un apéndice da dominación masculina, as metáforas deixan de vendernos compresas con ás e falan sen tabús do sangue menstrual, da flor vermella, da estirpe das avoas, do útero.

E a linguaxe evoluciona, transfórmase e transfórmanos. E as fronteiras do establecido dilúense en gándaras transxénicas. E a gramática deixa de ser unha gaiola de sufixos. E daquela **Estíbaliz Espinosa** pode construír un aforismo que pon as marcas de xénero patas arriba, como “*portavoza*” dun futuro que está por chegar:

“O feminino. A masculino. A amor. Os relacións. As malentendidos.
Os sobreentendidas. O que non é boi. Nin vaca. O híbrida.
Minha senhor.”

Xa que logo, **o feminismo fai saltar todo polo aire**, e pobre de quen escriba pretendendo ignorar esta revolución, pois o cambio social vaino deixar fóra de xogo. Porque os himnos patrios, cando non se abren os salóns fechados das academias, cheiran a tradición balorenta, a tapiz comesto pola couza. E non hai canto posible no século XXI sen atender a toda esa pluralidade de voces que foron deconstruíndo a nosa mirada sobre o amor, sobre o corpo, sobre os mecanismos da dominación instaurados na propia linguaxe poética durante séculos e séculos de **literatura just for men**.

Nese contexto, tomei a decisión de escribir *Penúltimas tendencias* (2014) como unha especie de libro *pop* que se mergulla en todos os estereotipos da cultura adolescente enfocada ás mozas. Revistas, catálogos de moda e de beleza, series e películas que converten o amor romántico nun modelo de consumo masivo, que se expande a toda velocidade polo mundo virtual, baixo formatos publicitarios que converten o *fashion* e o *cool* nunha idolatría planetaria. Pero nós sabemos que o amor pode ser outra cousa, e que existe un universo afectivo máis complexo que non consiste en subir *a tres metros sobre el cielo*. E por iso esa reivindicación necesaria da realidade, sen falsos idealismos:

Chica out

*Ti escolles.
Eu son así.
Coa cabeza
case sempre
na cara oculta da lúa
e o corazón
nalgún planeta
do espazo exterior.
E do resto,
xa sabes:
non son desas
que che levan*

*o look perfecto
para cada ocasión.
Porque son tan real
que sangro nos tampóns,
ínchanme os peitos
e trabo cos dentes.
Porque son tan real
que, se abro a boca,
asusto sen sabelo.*

Non obstante, procuro que a pílula didáctica que poidan conter os meus poemas non renuncie ao humor, á ironía, ao xogo lúdico, á máscara interpretativa. **O poema non funciona como tal cando se limita a constatar, dun modo máis ou menos literal, as nosas crenzas ideolóxicas.** De aí da necesidade do matiz inesperado, do verso que non responde a ningunha expectativa, da palabra que vai por onde lle peta e lle dá a gana. Unha reviravolta que fai agromar o poema onde menos se agarda, mesmo a partir de esquemas prefabricados de revistas para *teenagers*. Pero isto demóstrase mellor cun exemplo práctico, un “clásico” das miñas visitas aos institutos de toda Galicia:

***Es unha chica chic?
(Autocuestionario)***

Mordes as unllas ou lévalas á última?
As unllas úsoas para rabuñar a pel dos peluches.

Prefires barra de labios ou brillo?
Prefiro óxido na lingua, cuspe e dinamita.

Cal é a túa pose favorita?
A posición dunha percha no armario.

Estás apuntada a clases de dance?
Estou apuntada a unha danza de contradicións.

Gústanche os gatiños como mascotas?
Escollo o negro da pel da pantera.

Canto tempo pasas fronte aos espellos?
Procuro esquivalos para que non me devoren.

Cal é o teu mellor truco de beleza?

Dubidar, non sentirme evax fina y segura.

Como imaxinas a un chico dez?

Case tan perdido coma min, pero sen tetas.

Es feliz?

Nin se me pasa pola cabeza ser un parrulo no estanque.

Agora toca un cambio de enfoque. *Masculino singular* (2016) non foi un proxecto literario pensado para un público especificamente xuvenil. Foi, máis ben, un axuste de contas persoal con toda a cultura do machismo na que fomos educados tantos homes da década dos setenta, e que condiciona aínda a miña vida, porque non resulta doado renunciar aos privilexios que herdamos como un galardón que se nos concede por nacer cunha características biolóxicas determinadas.

Se tivese que definilo, diría que *Masculino singular* é un libro feo e desagradable, manchado de pintadas obscenas, como as pirolas erectas dos aseos dos institutos. Un vertedoiro poético que reflexiona sobre a evolución (ou non) do concepto de masculinidade, con cambios positivos que semellan agromar nun entorno hostil, aínda dominado por mitos e actitudes que alimentan a pornografía e a prostitución. E aí, nesa reflexión, os poemas non saen ben parados, rematan contaxiados da linguaxe que combaten, ***din, pero non cantan***. Pero acaso se pode facer música co machismo? Se cadra si, pero eu non a atopei por ningures.

Non obstante, é obvio que algúns poemas poden funcionar como estímulos emotivos para tratar temas relacionados coa violencia de xénero ou cos estereotipos sociais, mesmo entre o público adolescente. A fin de contas, cando escribes un poema, non pensas nas etiquetas, nos rótulos comerciais, nos libros de texto. ***Un poema non se calcula como unha operación de éxito, senón como unha expectativa entre a intuición e a exactitude***. Por iso agradezo que as mediadoras da lectura acheguen este libro á xente nova, aínda que só sexa para forzar o debate, a dúbida, a incomodidade de recoñecernos en espellos que nos devolve imaxes nada compracentes da nosa sociedade, tan moderna e liberal, ata que aparece *La manada* e retrocedemos ás cavernas.

A pesar de todos os atrancos e resistencias, coido que a revolución feminista resulta ineludible, e que o modelo de masculinidade clásico ten os días contados; por tanto, agardo que neste século XXI se faga real a utopía, e os *X-Men* saian triunfadores do combate contra a tribo do macho alfa dominante. Pero quen son eses *X-Men*?

Son mutantes.
Insubmisos emocionais.
Homes sen himno, sen rifle, sen biblia.
Homes en tránsito, elásticos e volátiles.
Homes que non comprenden as estatuas ecuestres.
Homes sen táboas da lei, sen peñas de sangue.
Os que non conxugan formas verbais con desinencias de exterminio.
Os que non aceptan ningún sufixo que derive o desexo en violación.
Homes que non provocan hemorragias.
Homes *transformers*.
Homes en obras.
Porcelana fina.

6. A experiencia de *Makinaria* ou de como me botei de cabeza á piscina sen saber se había auga

Pero todo o que vos levo contado, comezou uns cantos anos antes. Dun modo casual e nada premeditado. Foi en Dodro, cando impartía clases no CPI *Eusebio Lorenzo Baleirón*. Aconteceu un día calquera, quizais a finais do 2007 ou comezos do 2008, non lembro con exactitude. Aconteceu cando nos pupitres das aulas de Secundaria comecei a ver unha pintada repetida, unha curiosa palabra que semellaba un contrasinal de entrada a un universo para min descoñecido.

Esa palabra, pintada con bolígrafo ou rotulador por todas partes, era *Makinaria*.

Makinaria era un *nick*, un alcume, unha marca grupal para unha tribo reducida de adolescentes fascinados polos coches tuneados e pola velocidade, e que os unía na admiración a unha especie de ídolo local famoso por facer derrapaxes polas pistas, a toda hostia e sen control, en noites de esmorga e borracheira. Isto nunha época en que os accidentes de tráfico da xente nova durante as madrugadas da fin de semana eran un drama rutineiro, como unha estatística inevitable dun destino macabro.

A partir de aí, e logo dalgunhas conversas con aqueles mozos tan auténticos como destemidos, fun madurando a idea de escribir algo sobre o universo *Makinaria*. Pero quería expresar algo directo e vital, lonxe do academicismo e da linguaxe formal da poesía clásica. Pensei no *hip-hop*, pensei na oralidade, pensei en dirixirme a unha tipoloxía de adolescentes que nunca se achegaría a un libro de poemas por propia iniciativa.

E así naceu *Makinaria*. **Como unha aceleración poética de cero a cen en tres segundos, radical e contundente**. E non tiña moita idea de se un libro así podía publicarse nalgún lado, resultaba obvio que non era un proxecto que encaixase nas coleccións clásicas de poesía para adultos tipo *Espiral Maior*, pero tampouco estaba destinado a un público infantil. Así que me botei á piscina sen saber se había auga no fondo.

O texto chegou ata o equipo de Xerais, que tivo a ben editalo no ano 2009. E foi o primeiro libro de poesía de autoría individual publicado no catálogo de *Fóra de xogo* (co número 120). E a resposta positiva, para a miña sorpresa, foi case inmediata e sostida no tempo. E o libro comezou a circular polos institutos, a recibir comentarios de moitos adolescentes que me dicían, directamente ou a través do profesorado, que eran a primeira obra escrita en verso que lían de boa gana, sorprendidos tanto pola temática como polo estilo.

Débolle, pois, moito a *Makinaria*. E se ese libro non tivese o éxito editorial que tivo, o máis seguro é que nunca chegasen a concretarse os proxectos que viñeron despois, nin os obradoiros poéticos nos institutos, nin as charlas nos clubs de lectura. Pero a día de hoxe *Makinaria* vai pola sexta edición, e iso é moito máis do que podía imaxinar cando decidín escribir sobre un microcosmos onde o lema vital dos seus protagonistas se resumía nun *slogan* contundente: **“Fe en Dios e ferro a fondo”**.

Así que se mo permitides, vou acelerar a voz de modo brusco, coma quen queima roda sobre o asfalto:

- *ferro a tope / bótalle peito / mételle a fondo / que ardan as chapas / dálle dálle dálle gas*
- *fibra de carbono no corazón / tecno a tope nas neuronas/ un ruxir do motor como advertencia / e a excitación a arder nas rodas*
- *pícalle no tubo para que ruxa ben forte / róelle duro á goma das rodas / que rebenten as corredeiras cos decibelios / maquea o buga / e que ardan as chapas / seguido seguido seguido / ata a fin*

Como vides de escoitar, *Makinaria* vai sobrado de adrenalina e decibelios, nunha combinación letal que desemboca na morte vivida como impacto contra un muro, como traxedia de titular informativo. Porque se hai algo que me fascina da experiencia de recitar os versos de *Makinaria* en vivo e en directo, coa voz como único instrumento, é ese silencio de tres ou catro segundos que se produce xusto cando rematas de ler un poema como *Autopsia*:

Dezanove anos,
dezaseis válvulas,
douscentos cabalos,
medio gramo
de euforia
no sangue:
*si, xa o levaron
para o tanatorio.*

Ese silencio xúrovos que vale máis que mil aplausos protocolarios, e tamén se debe considerar poesía.

7. En que caixón se garda esta roupa? (Etiquetas provisionais para que a xente atope o que aínda non busca)

Alá por maio do ano 2014, achegueime á Feira do Libro de Vigo para presentar *Penúltimas tendencias*; lembro que foi un serán solleiro, e que na presentación houbo moi pouco público, nunha desas tardes en que todo o mundo ten algo mellor que facer que ir escoitar un poeta recitar versos intranscendentes nunha alameda.

Aquela xornada primaveral viguesa, naquel acto de ambiente familiar no que exerceu de anfitrión **Manuel Bragado**, lin por primeira vez un ***Decálogo para unha poesía que se cadra non existe***, unha especie de argumentación onde reflexionaba sobre a existencia ou non da *poesía xuvenil* como un posible subxénero dentro da literatura enfocada á mocidade.

Este decálogo pasou bastante desapercibido, e seguramente quedou como un intento frustrado de poñer diante dos ollos da xente ***unha reivindicación do noso dereito como poetas a inventar os textos que nos dea a gana, estean adscritos ou non a unha etiqueta comercial determinada***. Era, a fin de contas, unha chamada de atención sobre o feito de que se non existe unha modalidade poética que a crítica recoñeza como *poesía xuvenil*, estamos aínda a tempo de darlle forma, de encher ese caixón con roupa nova. E por iso considero que procede darlle de novo visibilidade a ese decálogo *neste contexto favorable*, pois quizais poida servir de estímulo para o debate sobre os marcos xenéricos e a necesidade de movelos de sitio.

Velaquí, pois, o decálogo para unha poesía que se cadra non existe:

- A poesía orientada a un público xuvenil carece de pasado, polo que só existe en futuro. Permite a aventura, porque as súas fronteiras aínda non están delimitadas por ningún sacerdote da tribo.

- Aínda que minoritario, existe un público para a poesía; aínda que invisible, existe un público para a poesía xuvenil; aínda que ameazado, existe un público para a poesía xuvenil en galego. Non son frases baleiras, senón certezas empíricas.
- Todo poema destinado a un público xuvenil, polo feito de selo, está condenado a loitar a morte contra esa conxunción concesiva que condiciona, *a priori*, as valoracións lectoras da mocidade: “*Este libro, a pesar de ser de poesía, resultou...*”
- A revolución da poesía xuvenil consiste en fender estereotipos, mais non desde unha trincheira ideolóxica, senón desde a dinamita das emocións.
- Un poema xuvenil ten o mesmo dereito a citar a Justin Bieber que un poema para adultos a Charlie Parker. E Celso Emilio Ferreiro pode cantar un verso a carón de Beyoncé. Porque a poesía é libre, ou non é nada.
- Tres principios básicos para escribir un poema xuvenil: rigor lingüístico, ambición estética e debate ético. En definitiva, ansia de facer versos que non resulten estatuas de sal na vitrina dun museo arqueolóxico.
- Practicar a poesía xuvenil é un deporte de alto risco: fala para lectoras e lectores mutantes, en proceso de cambio, distint@s e distantes.
- A poesía para adolescentes debe ser xulgada do mesmo xeito ca de adultos: como boa ou mala literatura, é dicir, como algo que enche ou como algo que sobra.
- A poesía xuvenil é aquela que permite ler tamén toda aquela que *xa non é xuvenil*.
- Se a poesía xuvenil aínda non existe... que ou quen nos impide inventala?

A este decálogo, se fose hoxe, só lle engadiría un epílogo humorístico, a xeito de adiviña. Diría así:

- *Cal é a diferenza entre un poeta de verdade e un poeta xuvenil?*

[Pausa para prolongar a expectativa do público]

- *Pois que o poeta de verdade fai sonetos, e o xuvenil, só quilómetros.*

Morra o conto.

8. Ler poesía tampouco é para tanto

Vai sendo hora de ir poñendo remate a este discurso. A fin de contas, e aínda que pareza contradictorio con todo o que levo dito ata agora, **ler ou escribir poesía tampouco é para tanto**, non debería ser considerado unha actividade sublime que nos eleva cara a lugares etéreos, onde reinan a harmonía e a felicidade baixo o auspicio das musas. Non, nin moito menos. **A poesía, case sempre, nace a rentes do chan e morre cando nós morremos**. E estou seguro de que o noventa e nove por cento dos poemas que se están a escribir agora mesmo en calquera parte do mundo serán tan efémeros como as nosas propias vidas. Incluídos os meus. Pero que importa iso, no fondo? Acaso hai alguén que escriba aínda para alcanzar unha suposta inmortalidade literaria? Como diría un clásico: *Iso cansa que nin diós!*

En canto á didáctica da poesía nas aulas, moitas e moitos dos que estades aquí presentes, sabedes tanto ou máis ca min. Non existen receitas máxicas, por suposto. Nin todos os días son festa no instituto. Eu, no meu labor docente, tamén padezo días rutineiros, xornadas nas que só me apetece coller o libro de texto e mandar unha páxina enteira de exercicios para que os cincuenta minutos de clase deixen paso ao remanso do recreo. Procuo que non aconteza, é certo, pero ás veces a fatiga pode con todo. Non somos robots programados para o éxito inmediato, e eu, a pesar das vitaminas do entusiasmo, tampouco consigo que moitos adolescentes se interesen por ler un poema. A fin de contas, **o dereito á ignorancia segue a ser universal, e goza de boa saúde**.

Veño de dicir que non existen fórmulas máxicas para a transmisión da experiencia poética dentro das aulas. Pero, pola contra, si vos podo dar algúns consellos por se vos apetece fracasar cunha certeza case absoluta. Estou convencido de que, se poñedes en práctica as seguintes actitudes pedagóxicas, o voso alumnado nunca volverá coller un libro de poesía no que lle resta de vida. Por se vos resultan de interese para incluír nos estándares da materia de literatura, deixo constancia delas:

Instrucións fiables para que o alumnado adolescente odie a poesía

- Cando toque explicar un poema na aula, ensaie unha pose solemne e diserte dos mesmos textos de sempre como se fosen cerámica chinesa nun museo de antigüidades
- Adopte pose de interrogatorio policial e esixa por escrito resposta fidedigna a esta pregunta: *que significado último ten o poema?* Se os seus discípulos non responden tal como suxire o manual de instrucións do libro de texto, pónalle un castigo á altura das circunstancias: mándelles que escriban un poema, así, sen máis, fiándose da inestable inspiración adolescente.

- Ordene medir o poema como se fose unha parcela do rexistro da propiedade, pónalle prezo exacto a cada metro cadrado de metáfora, faga medir cada sílaba dun soneto como se diso dependese o equilibrio do universo. Así conseguirá que o alumnado se transforme en forense anatómico dun verso, evitando eses exercicios lúdicos onde cada palabra é un territorio ignoto, unha selva por explorar nunha novela de aventuras da infancia.
- Se por casualidade albisca un poeta de aspecto xuvenil polas inmediacións do edificio do instituto, colla unha escopeta, apunte e dispare; así as autoridades competentes na materia poderán embalsamar un cadáver realmente exquisito durante unha década ata que lle chegue a quenda do Día das Letras Galegas; daquela o poeta recibirá toda a atención que lle negaron en vida por ese vicio tan feo de recitar diante dun auditorio e, inda por riba, de pretender cobrar por facelo. Ou como sentenciou Alfonso Pexegueiro:

*Para que queredes un poeta vivo
se non sabedes que facer con el;
matádeo e celebrielle as pompas*

- Por último, láméntese con xesto compunxido, a poder ser diante doutros docentes do ámbito humanístico, do escaso interese da mocidade pola lectura, do arduo que lles resulta ás novas xeracións coller un libro, sobre todo se na portada indica que pertence ao xénero poético. Iso si, antes deste lamento apocalíptico, faga memoria da última vez que vostede entrou nunha libraría e visitou a sección de poesía para satisfacer as súas propias ansias lectoras

9. Saída de emerxencia

Logo de todo o que vos levo contado, pouco máis resta por dicir. Se me puxese repugnante, supoño que podería engadir algún outro adorno retórico ao discurso, escoller algún outro texto máis acaído como exemplo ou reformular os argumentos nun molde diferente. Pero o que si quero repetir tantas veces como faga falta é que este premio me fai sentir moi afortunado como docente e escritor, aínda que ás veces combinar ambos oficios trae consigo horas extra de fatiga.

Pero antes do remate do acto, quixera deixar constancia dunha preocupación que vai máis alá do estritamente literario, pois afecta á sociedade no seu conxunto, e á mocidade en particular. Porque nesta peregrinación continua polos institutos de toda Galicia, veño constatando, dun xeito empírico, **o devalo absoluto no uso do galego como lingua de comunicación do alumnado**. E isto é un problema demasiado grave como para quitarlle ferro con boas palabras e mellores intencións.

Porque agora mesmo, aplicando unha metáfora clínica, atrévome a dicir que **a lingua galega é un idioma que sobrevive con respiración desasistida**, afogado baixo a presión dun plurilingüismo unidireccional, que invoca o inglés como deus supremo da modernidade.

Pero voulle ceder a palabra a Songoku, o protagonista da serie de manga *As Bólas do Dragón*, porque el sabe sintetizar con máis acerto o que está a acontecer nos últimos anos en Galicia a respecto do uso do idioma:

Plurilingüismo

No *Xabarín*,
chamábame Son Goku.
Pero agora no instituto,
Soy Goku
e na conta de Instagram,
I'm Goku.
E se me preguntas
de quen veño sendo,
perdín o contrasinal
da conta da identidade.

Non considero necesario insistir nesta cuestión, ben coñecida polo público presente, pero de pouco vale que escribamos unha literatura infantil e xuvenil prestixiada con premios e honores dentro e fóra de Galicia se o noso público lector está a percibir o galego como un idioma exótico no seu entorno social, só válido para dirixirse aos avós da aldea ou para aprobar os exames de gramática. Porque se o noso goberno segue na inercia de vendernos que *aquí non pasa nada*, a desfeita leva camiño de non ter remedio.

Remato xa. Permitide que agradeza a vosa paciencia por terme escoitado. E se me preguntades se merece a pena seguir loitando por unha sociedade onde a poesía forme parte do universo afectivo da mocidade, afirmo de modo rotundo que si. **Porque eu quero legarlle ao meu fillo non só un instrumento de comunicación, senón unha lingua para que descubra o animal escondido que leva dentro.** Ou como acertou a dicir o poeta *Neorrabioso*:

Fillos

Para que quero fillos, preguntome.

Para levalos á biblioteca

e que me digan, papá,
por que nos traes sempre a esta sección
onde non hai ninguén nunca.

Pois para iso estamos: para encher de luz lugares que sen nós estarían baleiros.

Moitas grazas desde a emoción desta xornada para min inesquecible.

Carlos Negro